

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE XUÑO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de xuño de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. DISCIPLINA URBANÍSTICA.- Acórdase a aprobación das bases das subvencións da fase 17^a das axudas á rehabilitación do Casco Histórico de Lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a prórroga para a anualidade 2024-2025 na subministración de combustible para vehículos e maquinaria municipal. Ref. exp. 2023/C004/000009.

Acórdase a prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería sita no complexo deportivo da piscina municipal cuberta do Parque da Milagrosa. Exp. ref. 2020-C005-000005, polo período comprendido entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación do servizo de elaboración e distribución de almuerzo e xantar así como atención e apoio durante o dito servizo levados a cabo pola Concellería de Educación nos CEIPS de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2024/C003/000014.

Acórdase aprobar a delegación de competencias no Tenente de Alcaldesa - Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos en relación coa contratación da obra de substitución do céspede artificial no Campo de Fútbol Municipal de o Polvorín.

Así mesmo, acórdase aprobar o procedemento de licitación para a concesión demanial de postos de venda no Mercado de Quiroga Ballesteros e na praza municipal do Concello de Lugo. Exp. ref. 2024/C012/000002.

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar o Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de actividades culturais 2024.

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para legalización de obras de reforma e cambio de uso en edificación existente de planta baixa e planta primeira con licenzas nº 250/79 e nº 119/80, consistentes na distribución en catro locais en planta baixa, un sen actividade definida e tres de actividade comercial, e un local para oficinas independentes e unha vivenda vinculada en planta primeira na estrada da Coruña, números 60-62.

5. PERSOAL.- Acórdase a aprobación da oferta de emprego público do Concello de Lugo para o ano 2024 (2).

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

6. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a aprobación do proxecto de ordenanza municipal reguladora do réxime interior do Fogar do Transeúnte-albergue-do Concello de Lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

7. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase desestimar o recurso reposición acordo XG 5/152 renovación postos mercado Frigsa 2024.

Tamén se acorda destimar o recurso reposición contra acordo XG 5/152 renovación postos mercado Frigsa 2024.

Así mesmo, acórdase desestimar o recurso reposición XG 5/152 de renovación posto Frigsa 2024.

Do mesmo xeito, acórdase destimar o recurso reposición interposto contra acordo XG 5/152 de renovación postos Frigsa 2024.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.